



lunes, 28 de diciembre de 2015

A LUZ DAS PALABRAS (49) Luís Valle



O PRIMEIRO, O NOME

que baixo ti latexa.


Logo, a beira das cousas,

a luz doída

e o rego
sobre as terras.

Ao final,
o xardín roto.

Este foi o primeiro poema que lín de **Luís Valle (Lugo, 1977)**. Axiña me decatei de que estaba diante dun poeta que me interesaba. Pertence ao libro *A caída*, co que gañou o *VII Premio Caixanova 2008*. Un libro que arrecende a haiku sen haber moitos nel. Un libro formalmente sinxelo, pero dunha fondura que emociona. Poesía espida de ornamentos, a de Luís, mais dunha intensidade que fai encoller o corazón do lector.



DE TI QUÉDAME
o oco
inmensamente
namorado.

Pois
en verdade baleiras
o excremento
de min mesmo.

Converteuse nun dos poetas aos que sempre acudo cando preciso ordenar os meus pensamentos, resolver conflitos e dominar os meus sentimentos.



Defíneo moi ben **Darío Xohán Cabana** no Limiar do poemario cando di “*que é capaz de lograr esa concisión emocional*” que o lector ou lectora atopará na lectura dos seus versos. Mágoa de non ter *Zigurat*, onde, segundo Darío Xohán Cabana, se atopan bastantes dos haikus máis exquisitos que el tiña lido.

Pero ese libro marabilloso que escribiu con ilustracións de **Baldo Ramos** (outro magnífico poeta), *Trona, o merlo* (Barbantesa, 2015), empuxoume a mergullarme naquela poesía que era descoñecida para min. E fíxeme con *Fedor*, co que gañou o *Premio Eusebio Lorenzo Baleirón* na súa vixésimo terceira edición (*Sotelo Blanco*, 2011) e co *Caderno do mendigo* (Barbantesa), tamén publicado nese mesmo ano. Rendido fíquei diante do seu discurso poético; un discurso poético sólido que vai dirixido, coma unha frecha, directo ao corazón.

BONECA DE TRAPO DO ENGANO

teño calos nos ollos de verte
morrer. No meu corazón arden as
pombas fartas.

Estes versos de **Fedor** son un exemplo da poesía impactante do autor, na que, ademais do amor soñado ou vivido, está moi presente a morte e eses lugares fríos, ás veces ignotos, cara a onde se dirixe o ser humano.

O CEO ESFÍASE

as chaves

do mediodía.

Caen


as achas afiadas

no corazón

dos Magos;

caen

os paquetes baleiros.



Un poema, este, tirado do **Caderno do mendigo**, que continúa a liña trazada polos libros anteriores. O amor arelado, as ansias vitais e íntimas, a ira que produce a realidade, as imaxes feridas e ferintes...atópanse nun poemario de “tristeza dixerida”.

Ben, pois xa está dito. Luís Valle é quen de facer que te sintas próximo aos seus versos, de que te inqueden, de que os mastigues unha e outra vez e que descubras neles todos os sabores que conteñen.

Non podía faltar un poeta así nesta sección de **Versos e aloumiños**. E como é un innovador incansable, decidíu enviarme este impresionante foto-poema.

Para este blog-revista é un luxo que Luís, a súa pegada, fique aquí n **'A luz das palabras**. E nós agradecemosllo de corazón.

Gozade da foto-poema. Gozade da súa poesía.

Acó, aló...
Dentro do corazón,
as follas caídas.



Luís Valle